

## COMO SE FAI UNHA ADMISIÓN DE FINANCIAMENTO VOLUNTARIO POR PARTE DOS SOCIOS DUNHA COOPERATIVA OU ASOCIACIÓN INSTRUMENTADA MEDIANTE PAGARÉS

ANXO CASTRO RODRÍGUEZ.

*Federación Sinerxia*

Descríbese o procedemento técnico de emisión de pagarés entre os socios de cooperativas ou asociacións como forma de financiamento.

### 1. **Introducción.**

A finalidade deste artigo non é outra cá de dar a coñecer ós socios e xerentes de cooperativas e asociacións unha modalidade de financiamento á marxe dos mercados crediticios comúns.

Trátase pois de activar un mecanismo de financiamento externo de baixo custo e grande utilidade por non estar sometido en sentido estricto ó control externo.

A base legal desta emisión atopámola na Lei Xeral De Cooperativas, 3/1987 de dous de abril, que no seu artigo 81, punto 3 di: " A Asemblea xeral poderá acordar a admisión de financiamento voluntario por parte dos socios, baixo calquera modalidade xurídica e co prazo e condicións que se establezan no propio acordo. En ningún caso integrarán o capital social."

Baseándose neste artigo as cooperativas poden emitir débeda ós seus socios sen que esta poida ser considerada emisión pública de valores e polo tanto sen estar regulada polo R:D: 291/92 de 27 de marzo Emisión e Ofertas Públicas de Venda de Valores.

Non queda claro se a vontade dos lexisladores ó faceren constar "dos socios" se refería ós socios como tales, ou se se poidesen incluír os asociados e excedentes. Eu inclínome por esta segunda interpretación.

A partir de aquí poderíamos escoller entre tódalas modalidades de emisión de débeda obrigacións, bonos, cédulas hipotecarias, cédulas pecuniarias, pagarés... Recomendo os pagarés tanto polo seu baixo custo como pola súa versatilidade e seguranza para os adquirintes da débeda.

## 2. Admisión instrumentada en forma de pagarés.

A Lei Cambiaria e do Cheque, en diante LCCH, da o marco legal para o uso dos pagarés.

Para que sexa válido o pagaré deberá conter:

- A denominación de pagaré inserta no texto do mesmo título e na lingua empregada para a redacción do mesmo.
- A promesa pura e simple dunha cantidade determinada de pesetas.
- A indicación da data de vencemento. O normal é que prometamos o pagamento dos pagarés para unha data fixa ou a un prazo contado dende a data de emisión xa que é máis claro e permítenos levar un control de cando teremos que facer fronte ó reembolso. De non desexar facelo así pódense consultar os artigos 38 a 42 da LCCH.
- O lugar onde vai efectuarse o pagamento.
- O nome da persoa á que se pagará.
- O lugar e data onde se asine o pagaré.
- A sinatura do que emite o título, denominado asinante.

De non indicarse o vencemento entenderase pagadeiro á vista. Se non se indica expresamente, o lugar de emisión entenderase o mesmo que o do pagamento, e o mesmo tempo como lugar do domicilio do firmante. O pagaré que non indique o lugar de emisión considerarase asinado no lugar que figure a carón do asinante. Calquera outra carencia dos datos antes indicados fará que o título emitido non sexa considerado pagaré (art.95 LCCH).

## 3. Endoso.

Inda que, como xa dixen, para que a emisión de pagarés non sexa sometida ó control da Lei de Emisión e Oferta Pública de Valores, esta debe estar restrinxida ó ámbito dos seus socios no momento da subscrición, atopamos aquí unha das causas principais para o seu uso. Os pagarés serán transmisibles por endoso. O que significa que os socios subscritores poden transmitir o seu dereito de cobro a terceiras persoas, ou á propia cooperativa. As características do endoso son:

- O endoso deberá ser total, puro e simple. Calquera condición a que apareza subordinado considerarase non escrita.
- O endoso parcial entenderase como nulo.
- O endoso deberá estar escrito en letra e será asinado polo endosante.
- O endoso transmite tódolos dereitos resultantes do pagaré.
- O endosante, salvo cláusula en contra, garante a aceptación e o pagamento fronte ós tenedores posteriores.

Haberá que prestar especial importancia a este punto. Deberemos colocar sempre unha cláusula na que se especifique que o endosante non se fará cargo

da débeda, xa que de non facelo así convértese en responsable subsidiario, como persoa física con tódolos seus bens presentes e futuros, do pagamento da debeda. (Para ver máis polo miúdo outras características e casos do endoso pódense consultar os artigos 14 a 24 da LCCH).

Tampouco debe suceder que ó cabo de tres días, por exemplo, non quede ningún pagaré en mans dos socios xa que se nos pode acusar de emisión encuberta de débeda.

#### **4. Vencemento e Pagamento.**

O posuidor dun pagaré emitido a unha data fixa deberá presentalo ó cobro no día do vencemento ou nos días hábiles seguintes.

Cando se trate de pagarés domiciliados en contas abertas en entidades de crédito, a súa presentación nunha cámara ou sistema de compensación será como a presentación ó cobro.

Cando o pagaré se atope no poder dunha entidade de crédito a presentación ó pago poderá realizarse mediante o envío ó emisor, con anterioridade suficiente ó vencemento, ou aviso contendo tódolos datos necesarios para a identificación do pagaré, coa finalidade de que poda indicar as súas instrucións para o cobro.

No momento do pagamento pódese esixir a firma dun recibín como xustificante do mesmo. Así asegurárase de que non son presentadas máis copias co mesmo.

#### **5. Accións por falta de pagamento.**

A acción cambiaria poderá ser directa contra o emisor ou os avalistas, e no caso de conter cláusula específica contra dos endosantes, para reclamar sen necesidade de protesto, tanto pola vía ordinaria como na executiva (nesta última sempre que o seu valor sexa superior a 50.000 Pts. ou xuntando varios para que o seu valor conxunto supere esta cantidade).

Tamén poderá exercitarse esta acción cando o emisor se atope en suspensión de pagamentos, falencia ou concurso ou tivera resultado infructuoso o embargo dos seus bens, aínda que non chegase o prazo do vencemento.

No caso de non pagamento deberá facerse constar mediante protesto levantando conforme prevén o artigo 51 da LCCH.

O posuidor do pagaré impagado poderá reclamar a importancia do pagaré cos intereses nel indicados, os xuros calculados dende a data de vencemento ata a data de pagamento ó tipo legal do diñeiro máis dous puntos, tódolos demais gastos incluídos os de protesto e comunicación. Para máis información sobre o caso de impago consultar os artigos 49 a 60 e 61 a 68 da LCCH.

No artigo 97 da LCCH especificase que o asinante dun pagaré queda igualmente obrigado có aceptante dunha letra de cambio.

Así comprobamos que a seguranza para os suscritores dos pagarés é total xa que no caso de non cobraren poderían iniciar acción legal contra dos bens da cooperativa.

Neste último caso se a cooperativa se amosase insolvente pasaríamos a subasta e de non haberen outros puxantes converteríamos a cooperativa nunha comunidade de bens formada polos propios socios.

## **6. Tributación.**

Se examinamos o Regulamento do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas atopamos que os rendementos implícitos de capital deberán ter unha retención en orixe do 25% que despois será ingresada pola cooperativa en Facenda.

## **7. Proceso de admisión.**

Os pasos a dar por parte das cooperativas que queiran levar a cabo unha emisión de pagarés son:

I. Acordo en Asemblea Xeral Extraordinaria, é aconsellable que este sexa o único punto da orde do día.

Na Orde da asemblea deberán aparecer tódolos datos referentes á admisión de financiamento voluntario mediante pagarés como contía da emisión, valor nominal e de emisión de cada título, prazo de subscrición, data de admisión e de vencemento, tipo de interese, retención fiscal, ámbito da emisión restrinxido ós socios da cooperativa...

II. Para maior seguranza dos suscritores pódese elevar a público o acordo mediante acta notarial.

III. Acordo do Consello Rector da Cooperativa para levar a cabo a admisión aprobada pola Asemblea Xeral.

IV. Os pagarés deberán estar numerados correlativamente do 1 ó ..., e para maior seguranza por duplicado.

Este sistema é utilizado dende hai tempo nas cooperativas catalanas con moito éxito facendo emisións que poden chegar en moitos casos a máis de 100.000.000 de pesetas e un tipo de interese, dependendo do tipo bancario, dun 14% anual.

## **8. Exemplo: Admisión de financiamento voluntario na Asociación para a Economía Social instrumentada mediante pagarés.**

Na Asociación para a Economía Social, ante unha situación temporal deficitaria de tesourería debida á demora nos pagamentos das subvencións por parte da Xunta de Galicia, optouse por este medio de financiamento obtendo que a emisión foi subscrita na súa totalidade.

Sobre a legalidade destas admisións nas asociacións, hai que dicir que na lei non di nada na contra, polo tanto atópamonos cun baleiro legal e non se poden considerar á marxe da lei.

Os datos da emisión foron:

- incluír convocatoria da asemblea.
- incluír acta da asemblea.
- certificado da presidenta.
- modelo de pagaré.

Para non suscitar dúbidas débese por en lugar de "emisión de pagares", admisión de financiamento voluntario polos socios instrumentado mediante pagarés. E onde pon "os pagarés emitíranse" pódese por libráranse.

Aínda que neste modelo o valor de recompra e igual ó valor de emisión pódense buscar fórmulas máis atractivas, a saber, cun interese proporcional ó tempo transcorrido. É aconsellable que este interese sexa inferior ó marcado para a admisión para evitar que os subscritores decidan en calquera momento endosar os pagarés ó emisor, modificando así as previsións de tesoureiría.

O endoso a terceiros será mediante acordo entre endosado e endosante aínda que o máis normal sexa que o valor de endoso veña dado por un cálculo proporcional entre a diferenza de valor de emisión e o valor nominal, e os días transcorridos dende a emisión e ata a data de reembolso.

Nesta admisión (pola súa modesta contía) non se fixo a retención para a facenda aínda que como xa se dixo debe facerse.

A documentación necesaria pode verse: no recadro 1 a carta da presidenta explicando os motivos e soporte da emisión; no recadro 2 o certificado da acta da asemblea de socios co acordo de aceptación de financiamento proveniente dos socios e a súa contía, características e instrumentación; e no recadro 3 o texto do pagaré (anverso e reverso).

## 9. Conclusión.

Facer especial mención de que esta é unha boa ferramenta de financiamento pero que ante a posibilidade de que a débeda pase a mans de terceiros mediante endosos é moi importante a seguranza do investimento que se faga cos cartos obtidos, facendo un bo plan de viabilidade para a mesma. Hai que estruturala como se lle pedísemos os cartos a un banco, aínda que todos sabemos o difícil que é que éste nolos preste. Só así poderemos asegura-lo investimento e saír das mans do sistema crediticio bancario. Moitas veces non é que os métodos sexan erróneos senón que o erro estriba na utilización que se lles dea.

**SUMMARY:** The technical procedure for the emission of I.O.U.s between members of co-operatives or associations as a form of financing is described.

## CADRO 1

A Asociación para a Economía Social decidiu levar a cabo unha emisión de pagarés pola contía de 1.000.000 de pesetas, para facer fronte ás demoras nos libramentos das débedas que a Administración da Xunta de Galicia ten contraídas coa A.P.E.S.

A Xunta de Galicia ten unha débeda coa asociación de 7.250.000 pesetas, e prevesiblemente non efectuará o libramento nun prazo inferior ós tres meses, polo que consideramos xustificada á emisión e garantida a solvencia.

Recorremos a este modo de financiamento por consideralo máis apropiado cá do crédito bancario para os proxectos de Economía Social.

Optamos tamén por esta emisión para examina-las posibilidades deste tipo de práctica financeira.

Vigo, 29 de maio de 1995

Asdo.: Ana Rosa Lorenzo Vila  
Presidenta da A.P.E.S.

## CADRO 2

Dona Ana Rosa Lorenzo Vila, con N.I.F. 36.096.744-S en calidade de presidenta da Asociación para a Economía Social, con C.I.F. G-36.707.123, inscrita no Rexistro Provincial co número 2065.

## CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria da Asemblea Xeral, celebrada o venres 26 de maio de 1995, tomáronse por unanimidade, entre outros, os seguintes acordos no punto n.º 3 do orde do día:

## EMISIÓN DE PAGARÉS:

Levar a efecto unha emisión de pagarés con data 29 de maio de 1995, coas seguintes condicións:

- 1.ª) Cuantía total, un millón de pesetas (1.000.000 de pesetas) dividida en 100 pagarés numerados correlativamente do n.º 1 ó n.º 100, e sinalados todos como integrantes da serie: 1/1995.
- 2.ª) Finalidade: facer fronte ás demoras por libramentos das débedas da Administración Pública.
- 3.ª) Valor nominal do pagaré: 10.000 pesetas por unidade.
- 4.ª) Valor efectivo do pagaré no momento da emisión: 9.500 pesetas por unidade.
- 5.ª) Vencemento: 6 meses a partir do momento da emisión de cada un dos pagarés.
- 6.ª) Modalidade de utilización do título de valor: como instrumento de crédito non negociable no mercado de valores.
- 7.ª) Modalidade de libramento: Nominativo.
- 8.ª) Ámbito persoal da emisión: Limitada ós socios da Asociación para a Economía Social.
- 9.ª) Dereitos preferentes: Ningún. Os pagarés emitiranse ó nome dos suscriptores por rigurosa orde de solicitude dende o 29 de maio.
- 10.ª) Interese anual: A rendabilidade dos intereses figura no pagaré como a diferenza entre o valor nominal e o valor efectivo no momento da emisión.
- 11.ª) Compromiso de endoso: A Asociación para a Economía Social asumirá o endoso ó seu nome no momento que este se presente, antes do vencemento, polo valor efectivo no momento da emisión.

E para que así conste, asino en Vigo, a 29, de maio de 1995

Asdo.: Ana Rosa Lorenzo Vila  
Presidenta da A.P.E.S.

SERIE 1/1995

Núm. 000

## PAGARÉ

Prometo, en nome e en representación desta Entidade, e en uso das facultades que me otorgou a Asemblea Xeral do 26 de maio de 1995 e a Xunta Directiva do 29 de maio de 1995 que pagarei a cantidade de DEZ MIL PESETAS (10.000 ptas.) ó vencemento que se indica, no domicilio social desta Asociación, no acto de presentación deste documento e contra do libramento do mesmo,

Vigo, 29 de maio de 1995

Asdo.: Ana Rosa Lorenzo Vila  
Presidenta da A.P.E.S.

### DATOS DE EMISIÓN:

Data de emisión:	29 de Maio de 1995
Valor nominal do Pagaré:	10.000 pesetas
Valor efectivo do Pagaré en data de emisión:	9.500 pesetas
Vencemento:	29 de Novembro de 1995
Interese anual:	10%
Rendemento do Pagaré:	500 pesetas semestrais

### Adquirido por:

Nome: .....

C.I.F.: .....

Enderezo: .....

Poboación: .....

C. P.: ..... Provincia: ..... Teléfono: .....

Data de adquisición: .....

Importe de adquisición: .....

Data de liquidación: .....

Importe liquidación: .....

**CONDICIÓNS XERAIS**

- A) Modalidade de utilización do título valor: como un instrumento de crédito, non negociable no Mercado de Valores.
- B) Modalidade de libramento: Nominativo.
- C) Ámbito presonal da emisión: Limitada ós socios da A.P.E.S.
- D) Dereitos preferentes: Ningún, os pagarés emitiranse ó nome dos socios e por rigoroso orden de solicitude dende a data determinada pola Asemblea.
- E) Interese: 10% anual. A contabilización dos intereses refléxase no pagaré coa diferenza entre o valor nominal e o valor efectivo no momento da emisión.
- F) Rescate: A A.P.E.S. asumirá o endoso ó seu nome dos pagarés que se lle presenten antes do prazo de liquidación polo valor de emisión dos mesmos.
- G) Transmisións dos pagarés: Os pagarés poderán transmitirse por endoso, dacordo co disposto na Lei 19/1985 do 16 de xullo, Cambiaria e do Cheque.

**ENDOSOS**

Páguese a .....

D.N.I. ....

con enderezo en .....

..... a ..... de ..... de 1995

Nome e enderezo do endosante .....

.....

D.N.I. ....

**ENDOSO A:**

Nome: .....

C.I.F.: .....

Enderezo: .....

Poboación: .....

C. P.: ..... Provincia: ..... Teléfono: .....

Data do endoso : .....

Pola cantidade de: .....